| | ▪ MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. |
| | ▪ MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. |
| | ▪ MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. |
| | ▪ MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. |

| | |
|---|---|
| | ▪ MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. |
| | ▪ MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. |
| | ▪ MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. |
| | ▪ MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. |
| | ▪ MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. |

| | |
|---|---|
| **CAA** | **Competencia aprender a aprender.** |
| | ▪ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. |
| | ▪ MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. |
| | ▪ MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. |
| | ▪ MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. |
| | ▪ MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. |
| | ▪ MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. |
| | ▪ MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. |
| | ▪ MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. |

| | |
|---|---|
| **CSC** | **Competencia social e cívica.** |
| | ▪ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. |
| | ▪ MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. |
| | ▪ MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. |
| | ▪ MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. |
| | ▪ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. |
| | ▪ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. |
| | ▪ MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. |
| | ▪ MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. |
| | ▪ MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. |
| | ▪ MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. |
| | ▪ MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. |

| | |
|---|---|
| | ▪ MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. |
| | ▪ MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. |
| | ▪ MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. |
| | ▪ MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. |
| | ▪ MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. |
| | ▪ MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. |

| | |
|---|---|
| **CSIEE** | **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** |
| | ▪ MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. |
| | ▪ MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. |

| | |
|---|---|
| **CCEC** | **Conciencia e expresións culturais.** |
| | ▪ MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. |
| | ▪ MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. |
| | ▪ MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. |
| | ▪ MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. |
| | ▪ MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. |
| | ▪ MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. |
| | ▪ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. |
| | ▪ MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. |
| | ▪ MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. |
| | ▪ MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. |
| | ▪ MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. |
| | ▪ MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. |
| | ▪ MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. |
| | ▪ MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. |
| | ▪ MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. |

## 7. METODOLOXÍA

### a. Aspectos xerais

O currículum da materia de Música de 2º e 4º da ESO convida a "resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social." Segundo esta recomendación, a achega aos contidos farase:

- Partindo da competencia inicial do alumnado, que enfronta por primeira vez a materia dende a etapa de Primaria.
- Tendo en conta a diversidade do alumnado e respectando os seus ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciando as metodoloxías activas e participativas, con alicerces no traballo cooperativo e a aprendizaxe baseada en proxectos que conduzan á adquisición das competencias clave.
- Orientando o proceso de ensino-aprendizaxe á realización de tarefas que impliquen unha vivencia práctica do feito musical e ó uso habitual das TIC.
- Empregando o método inductivo-deductivo, entendendo o papel do docente como facilitador e guía nese proceso e minimizando o emprego do método expositivo (agás cando se trate de conceptos de especial dificuldade).

### b. Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva de conceptos.
- Elaboración de sínteses, esquemas, infografías e glosarios de termos musicais, en formato analóxico ou dixital.
- Lectura colaborativa de textos na aula.
- Análise e tratamento de diversas fontes e soportes de información para tarefas de investigación e proxectos documentais individuais e/ou en grupo.
- Audición activa: fundamental para a abordaxe dos contidos do bloque de Escoita (MUS B2), vencellada a partituras, musicogramas, imaxes, paisaxes sonoras… de xeito que se apliquen os fundamentos metodolóxicos de Jos Wuytack e Edgar Willens.
- "Gamificación": práctica cotiá de xogos musicais analóxicos e dixitais na aula, para abordar os contidos teóricos e de linguaxe musical.
- Interpretación e creación musical individual e colectiva: tanto na aula coma con público, a execución de pezas vocais, instrumentais e coreográficas de

repertorio variado e dificultade crecente (acorde ao nivel) será fundamental para traballar os contidos do bloque de Interpretación e creación (MUS B1). As estratexias metodolóxicas misturarán elementos dos sistemas de pedagoxía musical Kodály, Justin Word, Orff-Schulwerk, Dalcroze e TaKeTiNa.

- Proxectos interdisciplinares: coa fin de enriquecer o traballo da aula e fornecer unha dimensión integral e significativa da aprendizaxe por competencias, procurarase a colaboración con outras áreas de coñecemento e materias para a realización de proxectos creativos de natureza interdisciplinar ou transversal.

## c. Outras decisións metodolóxicas.

- **Agrupamentos**: a docencia da materia de Música farase con agrupamentos especiais por mor da implantación no curso 2022/23 da sección bilingüe no curso de 2º da ESO, facendo coincidir a materia con Educación Física, de idéntica carga lectiva. Así, os alumnos de sección bilingüe procedentes dos grupos A e mais B asistirán ás aulas xuntos, namentres os que non estudan nesta opción tamén se misturarán. En 4º de ESO fórmase un único grupo en virtude da optatividade, alumnado procedente de âmbos os dous grupos (4º A e 4º B).
- **Tempos:** non se precisará adaptación dos tempos de aulas, que se cinguirán aos habituais.
- **Espazos:** empregarase sempre de maneira prioritaria a aula-materia, pola súa flexibilidade e dotación axeitadas para a práctica musical. Non entanto, poderanse usar a Biblioteca ou a aula TIC se fose preciso para elaborar proxectos documentais ou tarefas de investigación e mesmo o Mirador, o Ximnasio ou o patio para actividades que requieran aun esparzo maior ou ó ar libre (coreografías, actividades interdisciplinares e ou con público como concertos, recitais, festivais… ) xa que o centro non conta cun salón de actos.
- **Materiais:**
    - **Da aula de Música:**
        - **Mobiliario:** mesa do profesor e cadeiras de pá para flexibilizar o uso do espazo, mesas para os traballos en grupo e a práctica con instrumental Orff, estanterías para a organización dos instrumentos, taboleiro branco e pautado.
        - **Dotación instrumental:** 1 piano eléctrico e banco, 1 guitarra española, 1 guitarra eléctrica, 1 baixo eléctrico, 1 batería, 2 frautas tenor, xilófonos e metalófonos de diferentes tesituras (instrumental Orff) e baquetas, pandeiros, pandeiretas e instrumentos de pequena percusión (caixas chinesas, crótalos,

axóuxeres, raspadores, triángulos, claves, pau de chuvia… ) e percusión tradicional (cunchas, culleres).

- **Medios audiovisuais:** ordenador do profesor con conexión á internet, proxector, altofalantes, micrófonos e mesa de son. A metodoloxía da materia require o seu óptimo funcionamento para garantir a proxección de partituras interactivas, vídeos musicais ou filmes, escoita de audicións, práctica instrumental e coreográfica con acompañamento de audio, gasificación dos contidos de linguaxe musical, manexo das TIC…
- **Discografía:** colección de CD's da aula.
- **Bibliografía:** fondos do Departamento de Música e da sección de Artes e Espectáculos da Biblioteca Escolar (7).

- **Do profesor:**
  - **Caderno do profesor:** en soporte dixital, traballando con aplicacións que garantan unha política de seguridade na protección de datos do alumnado axeitada.
  - **Programa Xade:** servirá para o control da asistencia do alumnado ás aulas.
  - **Programa/aplicación Abalar:** servirá para a comunicación coas familias.
  - **Frauta** doce soprano e/ou outros instrumentos

- **Do alumno:**

Aínda que de xeito excepcional se podia empregar materiais específicos para algunha tarefa ou proxecto o **material didáctico obrigatorio** para o normal desenvolvemento da rutina da aula por parte dos alumnos consistirá en:

- **Arquivador do alumno:** o arquivador dos alumnos terá unha sección adicada á materia e deberá contar sempre cun apartado para glosario de termos musicais, separado das actividades habituais.
- **Caderno con pautado musical e padrón de xilófono:** fornecerase o modelo imprimible de dito material na aula virtual e no servizo de reprografía do centro.
- **Frauta doce soprano:** o seu emprego na aula estará condicionado á situación sanitaria posto que a emisión de son en instrumentos aerófonos soprados supón un risco de contaxio, ao proxectar gotículas de cuspe e aerosois nun entorno interior onde as distancias son inferiores a 1,50 m.

- **Pauciños chineses:** empregaranse para tarefas de percusión na aula e como baquetas para a práctica de xilófono (especialmente na casa).
- **Apuntes e partituras:** nos niveis de 2º e 4º de ESO empregaranse recursos web e apuntes ou partituras aloxados na aula virtual da materia (deste material deixarase tamén un padrón no servizo de reprografía do centro).
- **Aula virtual:** os alumnos utilizarán a cotío a aula virtual da materia para a consulta de arquivos, vídeos, realización de actividades (cuestionarios, traballos, glosarios…) e entrega de tarefas, sempre axustándose aos prazos sinalados.

Con motivo dalgún proxecto ou actividade poderá requerirse de xeito puntual material distinto do obrigatorio, empregando mesmo o dispositivo móbil dos discentes se fose necesario, previo aviso ás familias e visto e prace do equipo directivo.

- **Recursos didácticos:**
  - **Recursos web propios:** a aula virtual en formato Moodle para cada nivel, organizada por subgrupos, accesíbel dende a páxina web do centro será utilizada non só para fornecer materiais didácticos aos discentes, senón para a corrección e avaliación individualizada de actividades e/ou tarefas entregadas por esta vía.
  - **Recursos musicais na rede:** bitácoras educativas, páxinas web, xogos musicais, partituras, audios, vídeos, películas, libros e revistas dixitais, software específico, instrumentos virtuais, aplicacións para o tratamento e edición de arquivos de audio, vídeo…
  - **Actuacions/obradoiros musicais en vivo:** tentará favorecerse a asistencia como público a produccións musicais, coreográficas ou escénicas e/ou a obradoiros musicais ben no centro, ben na contorna.

# 8. AVALIACIÓN

## a. Ferramentas e instrumentos de avaliación

Como estabelece o currículum, a materia de Música favorecerá o emprego dunha grande variedade de procedementos e ferramentas de avaliación que garantan a valoración aceitada e procesual do grao de consecución dos obxectivos e as competencias clave. Neste senso, poderanse empregar os métodos e ferramentas abaixo citados:

- observación directa da actitude e do traballo desenvolto polo alumno/a: reflexada na recollida de datos no caderno do profesor (CP), diario de clase (DC) e/ou diario de proxectos (DP) relativa ás tarefas, probas, xogos,

lectura rítmico-melódica, interpretacións musicais, debates, exposicións orais... realizados na aula presencial e virtual. Empregarase como apoio ó control de asistencia e puntualidade o programa Xade.

- grabación de vídeos ou audios (G) para a avaliación das interpretacións instrumentais, vocais e/ou coreográficas realizadas polos alumnos, especialmente cando teñan carácter grupal; dado que permiten una valoración pormenorizada da actividade e o seu visionado crítico dentro da aula para a coavaliación e autoevaluación. En todo caso, a devanditas probas de avaliación serán levadas a cabo e custodiadas seguindo as Instruccións e recomendacións sobre protección de datos personais.

- corrección de tarefas no caderno do alumno (C) ou aula virtual(AV), boletines de exercicios (B), fichas de audición (A), tarefas de investigación (TI), proxectos documentaiss (PD)... por parte do alumno sempre que cumpran coa forma e prazo marcados para a súa entrega. Non serán avaliados en caso de non ser entregados en tempo ou formato axeitados.

- avaliación dos proxectos elaborados polos alumnos: serán valorados os productos finais (PF) mediante rúbricas (R) ou listas de cotexo (LC) elaboradas para tal efecto. Para la avaliación procesual dos mesmos empregase o método de observación e a recollida de información no diario de clase (DC) ou caderno do profesor (CP) e o diario de proxecto (DP) elaborado polos propios alumnos.

- coavaliación: utilizarase sobre todo nas interpretacións colectivas (coreografías, exercicios de percusión corporal, práctica vocal en grupo,dramatizacións...) e na valoración de proxectos ou tarefas desenvolvidos en equipo; sempre como complemento á avaliación por parte do docente. Servirán a este propósito ferramentas como as rúbricas de coavaliación (RCO), listas de cotexo de coavaliación (LCCO), dianas de avaliación (DCO), postas en común (PCCO).

- autoavaliación: poderase empregar como complemento á avaliación docente e á coavaliación dos compañeiros a fin de promover o espírito crítico dos propios alumnos, mediante rúbricas (RAU), enquisas (EAU), opinións (OAU)…

## b. Avaliación inicial

Para a aviación inicial do alumnado adicaranse as primeiras semanas de aulas ás seguintes actividades:

- Debate sobre intereses, preferencias e hábitos musicais do alumnado.

- Xogos de contidos mínimos vencellados á área da linguaxe musical: lectura de notas en clave de sol, identificación de elementos dunha partitura e instrumentos da orquestra, dictado melódico breve…

- Interpretación de ritmos sinxelos con percusión corporal ou pauciños chineses.
- No caso da sección bilingüe valorarase en pequenas entrevistas/ intervencións na aula o nivel de comprensión e expresión oral en lingua inglesa; coa fin de detectar casos nos que o idioma poida ser un obstáculo excesivo para a aprendizaxe dos contidos mínimos. Neste caso, tratarase co Departamento de Inglés a posibilidade de propor o cambio do alumno na Avaliacion Inicial.

Os resultados desta observación teranse en conta para adaptar o deseño curricular das programación de aula á realidade dos grupos, xa que especialmente no caso do alumnado de 2º da ESO trátase da primeira achega á materia na etapa de Ensino Secundario. Esta achega aos coñecementos e intereses do alumnado será tida en conta para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades reais do alumnado do IES As Bizocas, que vén de cursos previos nos que a situación epidemiolóxica condicionou moito a docencia desta materia. Os casos de especiais dificuldades serán notificados ás familias pola aplicación Abalar, teléfono ou a axenda escolar.

### c. Avaliación continua.

Para a avaliación continua da materia farase unha proba escrita na aula ou un cuestionario na aula virtual calificado sobre 10 puntos ao final de cada unidade didáctica. No caso dos proxectos, tarefas, traballos ou exposicións, o resultado das rúbricas de corrección, escalas ou listas de cotexo dos mesmos expresaranse tamén sobre 10 puntos.

Os criterios para a calificación de cada unha das avaliacións 1ª, 2ª e 3ª sobre 10 puntos corresponderán á seguinte táboa de ponderación:

| Ponderación respecto da calificación da avaliación (%) | Ítems avaliables |
|---|---|
| **40 %** | Media aritmética de tódalas probas escritas, proxectos documentais, cuestionarioes e tarefas da aula virtual, traballos, exposicións… Dita media aritmética debe ser maior ou igual a 3 puntos. |
| **40 %** | Media aritmética de tódalas puntuación obtidas nas probas de avaliación da práctica instrumental, vocal e/ou coreográfica tanto individual como en grupo. Dita media aritmética debe ser maior ou igual a 3 puntos. |
| **10 %** | Presentación das tarefas e materiais obrigatorios |
| **10 %** | Actitude e participación nas aulas |

Coa fin de promover entre os discentes a cultura do esforzo tanto nos contidos de carácter práctico como naqueles de índole teórica, otorgóuselles idéntica porcentaxe e requerirase un mínimo de 3 puntos en cada unha delas para aplicar a devandita táboa de ponderación.

Na avaliacións 1ª, 2ª e 3ª as cualificacións serán expresadas no Xade e boletín de cualificacións sen decimais, polo sistema de truncamento.

A porcentaxe asignada á presentación de tarefas e materiais obrigatórios e á actitude e participación nas aulas outorgarase completa a tódolos alumnos ó principio de cada trimestre, sustraendo 1/3 de dita puntuación (0,33%) no caso de cada avaliación negativa nestes apartados. Desta maneira, e polas especiais condicións da materia, a falla do material obrigatorio na aula ou da realización de tarefas/actividades ou a actitude pasiva/negativa na aula en máis de 3 ocasións supón a perda da porcentaxe que se lle atribúe na calificación da avaliación. O fin desta medida é acostumar ao alumnado a responsabilizarse da importancia de acudir ás aulas co material axeitado, fomentando os hábitos de traballo que toda disciplina musical - e artística en xeral- require.

Aqueles alumnos que non superaran unha das avaliacións, ou acadasen calificacións cun promedio inferior a 3 puntos nos contidos teóricos ou prácticos deberán afrontar unha proba de recuperación dos mesmos a realizar durante a avaliación seguinte, baseada nos contidos mínimos da avaliación a recuperar.

A proba de recuperación da avaliación consistirá en:

- unha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios sobre contidos teóricos e de linguaxe musical baseado nos contidos mínimos esixibles da avaliación; calificadas cun punto cada unha.
- Unha parte práctica que consistirá na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo da avaliaicón, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase superada a proba de recuperación da materia cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada parte e a media aritmética de ámbalas dúas acade os 5 puntos ou máis. En ningún caso se entenderá aprobada a avaliación a tendo a parte práctica ou teórica notas inferiores a 3 puntos ou un promedio inferior a 5. A superación de dita proba substituirá a calificación obtida na avaliación correspondente por un 5, ao tratarse dunha proba de contidos mínimos e ter a posibilidade de presentarse á proba de avaliación final.

### d. Avaliación final.

A calificación final será o resultado da media aritmética das cualificacións (ata a centésima) obtidas nas tres avaliacións (ou nas súas recuperacións), podendo verse incrementado o promedio até 1 punto no caso daqueles alumnos que participaran activamente nas tarefas de carácter voluntario planificadas polo Departamento de Música tanto ao longo do curso coma no periodo extraordinario (concertos, recitais, implicación regular nos ensaios ou actuacións do coro escolar…).

Entenderase superada a avaliación final para queles alumnos con cualificación igual ou superior a 5 puntos no procedimiento de avaliación continua. No Xade e boletín de cualificacións finais dita cualificación expresarase empregando o procedemento de redondeo á unidade seguinte.

Xa que se suprimiu a convocatoria extraordinaria, deberán realizar a proba de avaliación final da materia aqueles alumnos cuxo promedio polo procedemento de avaliación continua fose inferior a 5 puntos ou aqueles que desexen incrementar a súa cualificación.

A proba de avaliación final da Materia de Música consistirá en:

- unha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios sobre contidos teóricos e de linguaxe musical baseado nos contidos mínimos esixibles do curso; calificadas cun punto cada unha.
- Unha parte práctica que consistirá na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase superada a proba de avaliación final da materia cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada parte e a media aritmética de ámbalas dúas acade os 5 puntos ou máis. En ningún caso se entenderá aprobada a materia de Música tendo a parte práctica ou teórica notas inferiores a 3 puntos ou un promedio inferior a 5.

## e. Recuperación e avaliación de pendentes.

A recuperación das materias pendentes farase da seguinte maneira, en función dos niveis:

- **Alumnado de 3º de ESO con Música de 2º de ESO pendente:** ao ter carácter obligatorio a materia de 3º de ESO e profundizar nos contidos prácticos de 2º de ESO, terase en conta a avaliación positiva da materia que se está a cursar, non tendo que facer a parte práctica da proba de avaliación de pendentes aqueles discentes que acadaran unha cualificación igual ou maior a 6 puntos na 1ª e 2ª avaliación. Non entanto, deberán facer unha proba escrita antes do 30 de abril con 10 cuestións e/ou exercicios sobre contidos teóricos e de linguaxe musical baseado nos contidos mínimos esixibles do curso de 2º da ESO; dun punto cada unha. No caso de acadar 5 ou más puntos nesa proba entenderase aprobada a materia pendente. Os alumnos con cualificación insuficiente na 1ª e 2ª avaliación de 3º de ESO farán o mesmo día da proba escrita unha proba práctica consistente na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso anterior, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos e entenderase aprobada a materia pendente cando a media aritmética da proba teórica e práctica sexa igual ou

superior a 5 puntos, sempre e cando se superen os 3 puntos en cada unha das partes.

- **Alumnado de 4º de ESO con Música de 2º e/ou 3º de ESO pendente:**
  - <u>Alumnado que cursa Música de 4º de ESO:</u> xa que a materia de 4º de ESO profundizar nos contidos prácticos de 2º e 3º de ESO, terase en conta a avaliación positiva da materia que se está a cursar, non tendo que facer parte práctica da proba de avaliación de pendentes aqueles discentes que acabarán unha cualificación igual ou maior de 6 puntos na 1ª e 2ª avaliación. Non entanto, deberán facer unha proba escrita antes do 30 de abril con 10 cuestións e/ou exercicios sobre contidos teóricos e de linguaxe musical baseado nos contidos mínimos esixibles do curso de 2º e/ou 3º da ESO; dun punto cada unha. No caso de acadar 5 ou más puntos nesa proba entenderase aprobada a materia pendente. Os alumnos con cualificación insuficiente na 1ª e 2ª avaliación de 4º de ESO farán o mesmo día da proba escrita unha proba práctica consistente na interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso anterior, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos e entenderase aprobada a materia pendente cando a media aritmética da proba teórica e práctica sexa igual ou superior a 5 puntos, sempre e cando se superen os 3 puntos en cada unha das partes.
  - <u>Alumnado que non cursa Música de 4º de ESO:</u> deberá facer a mesma proba xa descrita para o alumnado que cursando a materia de 4º da ESO non superou a 1ª e 2ª avaliacións. Xa que non reciben docencia directa adicaranse de xeito habitual os primeiros recreos dos venres a atender as dúbidas que puideran xurdirlles aos discentes nesta situación.

## 9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

## Indicadores de logro da práctica docente

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

# 10.AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación didáctica será revisada mensualmente nas reunións de Departamento, e como resultado da devandita avaliación poderán adaptarse os contidos, a temporalización, as estratexias metodolóxicas e mesmo os materiais previstos ou os instrumentos de avaliación; sempre que se favoreza a consecución dos obxectivos do curso por parte dos discentes. No caso de precisar tomar algunha destas medidas, reflectiranse nun informe trimestral de seguimento da programación didáctica, elaborado pola Xefa do Departamento e adxunto ao libro de actas.

## Indicadores

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización prevista | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

## 11.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que unha das prioridades da consellería con competencias en materia de educación é conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible o que require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza.

E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. A atención deste alumnado, considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, de educación coa redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro deberá axustarse, entre outros, aos principios de:

- normalización de servizos
- flexibilidade na resposta educativa
- prevención
- atención personalizada.

Con este motivo adptaranse as medidas ordinarias e extraordinarias previstas na lexislación vixente, resumidas nas táboas seguintes, sempre consensuándoas co Departamento de Orientación Educativa do Centro e seguindo o Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe[4] publicado pola Consellería de Educación:

[4] http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo.pdf

| Medidas ordinarias | |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.<br>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.<br>b) Espazos diferenciados.<br>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.<br>• Desdobramento de grupos.<br>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. | • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.<br>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.<br>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.<br>• Programa específico para alumnado repetidor da materia.<br>• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia. |

| Medidas extraordinarias | |
|---|---|
| Organizativas | Curriculares |
| • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.<br>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).<br>• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).<br>• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. | • Adaptacións curriculares na materia.<br>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.<br>• Alumnado con flexibilización na escolarización.<br>• protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.) |

## 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Considérase fundamental para a materia a asistencia a concertos como público en función da programación dos distintos circuitos e eventos musicais, e a participación activa na organización e execución de proxectos creativos que partindo do traballo da aula xeneren productos finais como concertos, recitais, pezas de teatro e danza, performances, exposicións... No ano en curso, plantéxase só como posíbeis actividades extraescolares do Departamento de Música:

- Mostra final do certame de regueifas escolares (3º ESO)
- unha visita a Madrid para o visionado dunha obra de teatro musical e facer un percurso de iconografía musical (Museo do Prado) co alumnado da materia de 4º de ESO.

Plantéxanse as seguintes actividades complementarias do Departamento de Música para tódolos niveis, a desenvolver (a maioría como peche de cada unha das avaliacións ou coincidindo coas celebracións pedagóxicas escollidas polo centro) segundo evolúan a situación sanitaria derivada da Covid-19 e mailos aspectos organizativos do propio curso escolar e a acollida que teñan estas propostas por parte do alumnado:

| **Avaliación** | **Actividade** |
|---|---|
| **1ª** | Obradoiro de regueifa<br>Un samaín de medo |
| **2ª** | Recital poético-musical<br>Entroido de comparsas |
| **3ª** | Obradoiro de radio (4º ESO)<br>Festival final de curso/graduación de 4º da ESO |

O Departamento tamén promoverá a colaboración nos proxectos interdisciplinares plantexados por outros Departamentos (colaboración con materias de especial afinidade nos contidos como Educación Plástica e Visual ou Educación Física…), coa Biblioteca Escolar, o Proxecto Edu-Sostible levado a cabo no centro e co Equipo de Dinamización Lingüística.

Tamén tentará participar das Celebracións Pedagóxicas escollidas polo centro para o curso 2022-23, participando máis activamente se cabe nas seguintes:

- 8 de marzo: Día Internacional da Muller
- 17 de maio: Día das Letras Galegas

# 13.ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á TELEDOCENCIA.

Se por mor da situación sociosanitaria vixente se produce de novo unha situación de confinamento, o Departamento prevé a seguinte adaptación da programación didáctica:

| | |
|---|---|
| **Procedimientos de avaliación** | Namentres a actividade presencial non sexa reanudada a realización de probasescritas e interpretacións instrumentais, vocais e coreográficas poderá ser substituída por probas escritas/orais e interpretacións musicais realizadas dende o domicilio, empregando as ferramentas que ofrece EduXunta: aula virtual, CiscoWebex...<br>Suprimiríase a práctica musical en grupo mentres exista recomendación de illamento social, primando a práctica individual. |
| **Instrumentos de avaliación** | Durante o período de suspensión da actividade educativa presencial poderase complementar substituir tanto o cuaderno como as probas escritas como instrumento de avaliación pola entrega de tarefas, actividades, productos finais de proxectos, cuestionarios…en formatos más axeitados ó entorno dixital (dende formularios on-line e documentos a gravacións de vídeo/audio, capturas de pantaia, presentacións, infografías, xogos educativos…), empregando a aula virtual da materia. |
| **Criterios de cualificación** | A porcentaxe de cualificación asignada á actitude terá en conta durante o periodo de suspensión das clases presenciais a asistencia e participación activa nas aulas virtuais, en cualquera dos formatos que fornece (video-aulas, tarefas, traballos cooperativos, participación en foros...) |
| **Currículo e temporalización** | Adecuarase a temporalización de contidos ó ritmo de ensino-aprendizaxe que require a modalidade en rede, polo peral máis lento ca na modalidade presencial, priorizando a adquisición dos contidos mínimos imprescindíbeis. |
| **Atención á diversidade** | Aplicarase o Plan Específico de actuación previsto pola Consellería de Educación (Resolución de 18 de Febreiro de 2021). |
| **Avaliación final ordinaria** | No suposto de que as aulas presenciais fosen suspendidas, a avaliación final non se calculará mediante media aritmética das tres avaliacións, senón que se procedería a empregar un sistema de media ponderada, outorgando un maior peso a aquelas avaliacións obxecto de ensino presencial ou semipresencial. O devandito cálculo faríase en función da casuística do momento e dos grupos ou nieveis afectados. |

## 14.REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade e se establece un Plan específico de actuación.

En O’Grove, a 10 de marzo de 2023



Asdo:  Dna Belén Sola Ananín